

REQUISITOS DE ADMISIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA O ACCESO AO CURSO DE ADAPTACIÓN AO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS (CURSO PONTE)

1. REQUISITOS DE ADMISIÓN:

Poderá acceder a este curso ponte quen estea en posesión dalgún destes títulos:

- ✓ Diplomado en Relacións Laborais (Real Decreto 1429/1990, do 26 de outubro)
- ✓ Graduado Social Diplomado (Real Decreto 1524/1986, do 13 de xuño)
- ✓ Graduado Social (plans de estudos anteriores, sempre que tiveran obtido a equiparación académica de conformidade co Real Decreto 921/1980, do 3 de maio).

2. NÚMERO DE PRAZAS: 20

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- As 15 primeiras prazas adxudicaranse de acordo co baremo seguinte:

- ✓ Expediente académico da titulación de acceso (90%).

A nota media do expediente calcularase de acordo co protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos (Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e o establecido no Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- ✓ Outra titulación universitaria oficial distinta á de acceso ao curso ponte (10%):

- Por cada Licenciatura: 0,1 puntos
- Por cada Grao: 0,05 puntos
- Por cada Diplomatura: 0,03 puntos
- Por cada Máster: 0,02 puntos

En caso de empate, se priorizarán os titulados pola Universidade de Vigo.

- 5 prazas adxudicaranse por antigüidade de colexiación no Colexio Oficial de Graduados Sociais. En caso de igualdade de condicións, priorizaranse os colexiados no Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.

De non cubrirse na súa totalidade as prazas reservadas para algún dos cupos, o número de vacantes acrecentará directamente ao outro.

4. PRAZO DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A admisión solicitarase na [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo no prazo que estableza a [Convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao](#) para cada curso académico.

Documentación requirida para persoas tituladas por outra universidade española:

- ✓ Título de acceso ao curso ponte ou certificación supletoria do mesmo.
- ✓ Certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos devanditos estudos.

Documentación para a valoración, de ser o caso, dos criterios específicos de selección:

- ✓ Título ou certificación supletoria do mesmo para quen acadara outra titulación universitaria oficial distinta á de acceso ao curso ponte noutra universidade española.
- ✓ Certificación da antigüidade de colexiación emitida polo Colexio Oficial de Graduados Sociais.